



FROM BREST TO SANTIAGO

Enviado por [admin0](#) [1] o Lun, 05/27/2024 - 20:49

[Curso 23_24](#) [2] [Seccións bilingües](#) [3]

A semana pasada, foi unha semana moi especial no López Ferreiro. Tras unha travesía por aire de Brest a Porto e outra por terra ata Santiago, chegaron os nosos visitantes que se nos colaron directos no corazón. A mágoa? Que se fixo moi curto.

Compartimos actividades diversas polas mañás e achegámoslos a Santiago e arredores polas tardes. Foron conscientes do moito que nos une a nivel cultural, xeográfico e climático :)

Perdemos a conta do número de veces que expresaron o seu agradecemento, polo ben acollidos-as que se sentiron por parte de persoal docente/non docente e alumnado do centro, o enfeitizados-as que estaban coa nosa cidade e as nosas paisaxes

e... coa comida de Susana e Pepe. Desfrutaron moito da observación e participación en actividades de programas implantados no noso centro.

Pola nosa parte, desde o equipo de Seccións Bilingües, estamos enormemente agradecidas polas achegas do noso querido grupo bretón, polas actividades que prepararon para os distintos cursos do colexio, por integrarse e participar de tan bo grao en todo aquilo que tiñamos preparado.

Estamos moi agradecidas tamén da estupenda acollida por parte da nosa comunidade educativa e do esforzo investido en ofrecerlles o mellor do noso colexio.

E, como unha imaxe vale máis que mil palabras, preparamos unha selección delas para tentar trasladar un pouco do que aquí sucedeu.

